

ANEXO I: Modificación da programación didáctica de *Literatura galega do S. XX e da actualidade* no 2º de bacharelato.

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Curso
36006717	IES SÁNCHEZ CANTÓN	PONTEVEDRA	2019-2020

Etaapa educativa

Curso	Ensinanza	Trimestre	Tipo de ensinanza
2º	BACH	3º T	Non presencial e presencial ¹

¹ no caso de retorno a clases presenciais.

Materia

Nome	Tipo materia	Sesións semanais	Sesións anuais	Sesións 3º trimestre
Literatura galega do S.XX e da actualidade	Optativa	2	68	22

Profesorado responsable

Profesorado	Salomé Díaz Muñiz
Departamento	Lingua galega e literatura

2. Unidades didácticas de reforzo e recuperación

Non hai alumnado con avaliación negativa nesta materia ó remate da 2ª avaliación.

3. Unidades didácticas de repaso e avance

Para o alumnado con avaliación positiva ó remate da 2ª avaliación:

UD	Título	Descrición do contido	Sesións
1	Lectura e interpretación de textos significativos do século XX e da actualidade, descrición neles dos aspectos formais e	Ler e interpretar textos significativos do século XX e da actualidade, identificar neles os aspectos formais e temáticos que os individualizan e	5

	temáticos que os individualizan e valoración destes como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia.	valoralos como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia.	
2	Análise da narrativa galega do século XX e da actualidade, e descrición dos seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias	Analizar a narrativa galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os contextos e as influencias.	6
3	Análise da poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	Analizar a poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	6
4	Análise do teatro galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias	Analizar o teatro galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	5
TOTAL			22

4. Principios metodolóxicos xerais

Os criterios xerais a considerar para o deseño e o desenvolvemento desta programación didáctica serán os seguintes:

- Favorecer que o alumnado poda promocionar e titular.
- Ter en conta a desigualdade que produce o confinamento entre o alumnado e que se materializa nas diferencias de apoio que pode recibir o alumnado no seu entorno e a dispoñibilidade de recursos tecnolóxicos para desenvolver unha educación non presencial.
- Evitar o incremento do estrés propio da situación cunha proposta excesiva de tarefas e actividades educativas a desenvolver neste 3º trimestre.
- Evitarase a sobrecarga de tarefas a facer polo alumnado e para acadar este obxectivo as actividades non poderán exceder o 80 % do tempo semanal asignado no horario do grupo a súa materia. Asemade, definirase unha organización para o envío das actividades ó alumnado e contemplarase sempre un tempo mínimo de sete días para que este as poda facer e proceder o seu envío.
- As actividades e tarefas a desenvolver no 3º trimestre terán como obxectivo a recuperación, repaso, reforzo e ampliación, se é o caso.
- O profesorado seleccionará e adaptará as metodoloxías mais axeitada á situación e ós recursos tecnolóxicos dispoñibles polo seu alumnado e tentárase en todo momento o emprego de recursos mínimos e sinxelos.

- g) A avaliación final do curso terá en conta o traballo feito nos tres trimestres e será continua, formativa e diagnóstica.

5. Metodoloxía didáctica

A metodoloxía didáctica adaptarase á ensinanza non presencial:

Método de ensino	Descrición
Actividades prácticas autónomas	Procura de información para a realización de presentacións sobre autores e obras en distintas páxinas web.
Actividades prácticas guiadas	Resolución de problemas de forma guiada a través da plataforma virtual, presentacións, infografías, vídeos, podcast para a súa publicación no blog da materia: memoriasdunhanenaescritora.blogspot.com
Actividades integradas	Curtametraxes, xogos, filmes, vídeos de representacións teatrais, cancións...

Recursos e materiais a empregar	Descrición
Textos literarios seleccionados pola profesora Material elaborado polo propio alumnado	Antoloxía de textos literarios do S.XX e da actualidade. Presentación elaboradas a través de ferramentas tic: power point, slideshare, entradas no noso blog da materia: memoriasdunhanenaescritora.blogspot.com

6. Aprendizaxes e competencias esenciais para acadar a avaliación positiva na materia.

1. Valorar a pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores.
2. Elaborar traballos de investigación escritos e/ou orais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias, e emitir unha opinión persoal argumentada.
3. Crear textos de intención literaria nos que se teñan presentes as técnicas e os coñecementos adquiridos no estudo e na análise das obras da literatura galega do século XX e da actualidade.
4. Analizar a narrativa galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os contextos e as influencias.
5. Analizar a poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.
6. Analizar o teatro galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.

7. Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

Convocatoria ordinaria
Dadas as circunstancias excepcionais deste curso valorarase o esforzo e a continuidade na realización das tarefas, a comprensión das instrucións para a realización e organización das mesmas, a autonomía naquelas de autocorrección e a corrección lingüística, a súa coherencia e cohesión na realización destas. A cualificación final da avaliación ordinaria resultará de tomar como base a mellor das seguintes cualificacións: a) A cualificación da 2ª avaliación ou b) A media da 1ª e 2ª avaliacións. A esta base sumarase: as actividades de repaso e avance da 3ª avaliación (ata un máximo de 2 puntos) Para a obtención da nota final ordinaria terase en conta a avaliación continua no que respecta ás dúas primeiras avaliacións. A 3ª sumará positivamente valorando os avances realizados e entenderase a materia como superada cando a nota sexa igual ou superior a 5.

Convocatoria extraordinaria
En setembro o Departamento elaborará unha proba baseada só nos contidos tratados nas sesións de clases que quedan recollidos non noso blog: memoriasdunhanenaescritora.blogspot.com . Para aprobar cómpre un 5 na proba (de 4,5 a 4,9 redondearase a 5, de 4,1 a 4,4 redondearase a 4).

8. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Non hai partes non superadas nesta materia.

A profesora,

Salomé Díaz Muñiz

24 de abril de 2020.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Pontevedra

IES Sánchez Cantón
Avda. Rainha Victoria, CP 36001 - Pontevedra
ies.sanchez.canton@edu.xunta.es
Tif 886 159 039 - Fax 886 159 050



**FONDO
SOCIAL
EUROPEO**